

## MESA SECTORIAL

### 16/01/2024

#### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 14 DE NOVEMBRO.

Apróbase a acta referida unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das organizacións sindicais.

#### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: DECRETO DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOCENTE PARA O ANO 2024.

A Administración proporciona os datos que dan lugar á Oferta recollida no Decreto:

1185 xubilacións, 32 excedencias voluntarias, 19 falecementos, 55 persoas marcharon fora da comunidade por concurso, 117 viñeron á Comunidade por Concurso de Traslados, 18 reingresos no servizo activo. Total:  $1185+32+19+55-117-18=1156$  prazas que suporían o 100% da taxa de reposición. Ofértase o 120% que permite a Lei (231 prazas máis) que daría un total de 1387 prazas. A este número habería que sumar 125 prazas que quedaron do ano 2022, 11 prazas de acceso ao corpo de inspección e 220 prazas (o 25% do total que a lei obriga a sacar) de paso do grupo A2 ao grupo A1.

Sae polo tanto un total de 1743 prazas.



A distribución das prazas por corpos fíxose tendo en conta o número de interinos en cada corpo asignando a cada un deles número de prazas aproximadamente igual ao 50% de interinos en cada corpo (salvo no de mestres).

No corpo de PES 1749 interinos (875 prazas), no corpo de EOI 65 interinos (33 prazas), nos corpos de ensinanzas de réxime especial 167 interinos (84 prazas). O número de prazas restantes ofértanse no corpo de mestres.

ANPE Galicia considera que ante o anuncio realizado polo Presidente da Xunta de Galicia o pasado día 14 de decembro da convocatoria para o ano 2024 de 1743 prazas de emprego público docente correspondentes á taxa de reposición de 2023, instamos á administración a que antes de que finalice o ano 2023 publicase no Diario Oficial de Galicia a oferta de emprego para o ano 2023 correspondente á taxa de reposición de 2022, coa intención de que se puideran acumular ambas ofertas nos procesos selectivos que se levarán a cabo no verán de 2024. Esta acumulación xa se realizou en ofertas de emprego anteriores, como nos anos 2022 e 2021 cando se publicaron as ofertas no ano correspondente recollendo nas mesmas as prazas de reposición producidas no ano inmediatamente anterior e acumulándose no mesmo proceso selectivo realizado no mes de xuño de 2022. Non facer esta publicación da Oferta correspondente ao ano 2023 das prazas da taxa de reposición de 2022, suporía a perda da posibilidade de convocar as prazas de reposición que se produciron por xubilacións e outras causas durante o ano 2022. Isto vai contra a filosofía da nosa organización sindical de que se debe ofertar o maior número de prazas posible dentro de cada convocatoria para garantir a estabilidade do emprego público.

Polo tanto solicitamos que se proceda á acumulación de dita oferta coa anunciada para o ano 2024.

A Administración resposta que, como xa dixo no seu momento, non vai a sacar a oferta do 2022 para non poñer en perigo a estabilidade do sistema.

## MESA SECTORIAL

16/01/2024

En relación ao artigo 3 entendemos que debe haber certa prudencia coas sentenzas publicadas e pendentes de publicar no caso das Cátedras de Conservatorios e a normativa próxima respecto a este tipo de ensinanzas pero debe ofertarse o que se poida ofertar.

A Administración resposta que está sendo excesivamente prudente agardando as distintas sentenzas xudiciais ao respecto e á regulación da normativa sobre ensinanzas especiais que se está a xestar a nivel estatal.

En relación ao artigo 7 desde ANPE demandamos que non se perda ningunha das prazas ofertadas.

A Administración indica que a intención da Administración é precisamente que non se perda ningunha praza e poder acumular as prazas que queden sen cubrir. Darán unha revisión tanto ao Decreto como á Orde de convocatoria para que quede perfectamente definido.



Desde ANPE Galicia consideramos que se debe equilibrar a Oferta de Emprego tendo en conta que non supoña ningún risco de perda de postos de traballo para o profesorado interino pero que, conxugue ao mesmo tempo, o feito de dar posibilidades de entrar no sistema ao profesorado sen experiencia. Entendemos que este equilibrio entre ambas opcións podería terse acadado aínda cunha oferta de emprego máis ampla que a oferta e insistimos en que, para a nosa organización sindical, a mellor maneira de acadar a estabilidade do emprego docente é a través de amplas ofertas públicas.

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DE CONVOCATORIA DE PROCEDIMENTOS SELECTIVOS 2024.

A Administración comeza pedindo disculpas por un erro no envío do borrador da Orde xa que falta por incluír no corpo de EOI, 4 prazas libres na especialidade de portugués. Quedarían, por tanto, 9 prazas de francés (1+8), 7 de galego (0+7), 13 de inglés (1+12) e 4 de portugués (0+4).

En relación ao reparto de prazas por especialidades fíxose ofertando en torno a un 60-65 % respecto ao número de interinos de cada unha delas a principio de curso aumentando un pouco máis no caso de especialidades nas que a Administración ten serios problemas para a cobertura de substitucións. Tamén se tratou de equilibrar a porcentaxe con respecto ao número de interinos coas vacantes ofertadas nos últimos CXT.

En primeiro lugar consideramos que é unha oferta de emprego moi escasa e máis tendo en conta que desde ANPE presentamos en tempo e forma un escrito demandando a oferta do ano 2022 e debemos criticar que non existise unha negociación real das especialidades e prazas a convocar. Debemos ofertar o máximo posible para tratar de acadar o obxectivo de redución de porcentaxe de profesorado interino marcado. Chámanos a atención que non se oferten certas especialidades (ou que se oferten de maneira moi escasa) como Latín e Grego, Bioloxía e Xeoloxía, Hostalería e Turismo, entre outras. Chama tamén a atención a escasa oferta en Educación Infantil.

Tememos que a oferta de prazas de paso do grupo A2 ao grupo A1 vaian a quedar sen cubrir xa que a maior demanda destas prazas era por profesorado de FP que quedou xa integrado no corpo de PES.

## MESA SECTORIAL

16/01/2024

Tamén nos gustaría coñecer a situación das estatísticas de participantes da quenda de discapacidade para poder valorar se se está facendo unha oferta axeitada ou se podería axustar.

Demandamos coñecer datas de publicación de convocatoria, data de comezo do prazo de participación, datas e lugares de realización das probas, se o acto de presentación vai a ser o mesmo día en todas as comunidades, etc. **A Administración manifesta que ten previsto publicar a Orde antes do 15 de febreiro e que está negociando co resto de comunidades establecer as presentacións o día 22 de xuño.**

En relación á Orde de convocatoria reiteramos que é **importantísimo e fundamental que exista un verdadeiro e efectivo concurso-oposición**. A Administración debe velar polo correcto funcionamento dos tribunais para evitar as múltiples incidencias que se repiten ano tras ano (tribunais que convocan para probas sen respectar a antelación dos chamamentos, probas en horarios intempestivos, modificación do tipo de probas, etc).

Para que exista un concurso-oposición real consideramos que se debe reducir o número de opositores a 70 ou 80 por tribunal. Somos conscientes que unha das causas de que non exista concurso-oposición real é que os tribunais se ven apurados no tempo para rematar un proceso selectivo en menos dun mes, por tanto é fundamental aumentar o número de tribunais para reducir ese "apuro". ANPE Galicia demanda tamén que se nomeen tribunais en todas as provincias e que non se repitan sempre nas mesmas localidades como é habitual en certas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.

**ANPE Galicia considera IMPRESCINDIBLE que todos os membros dos tribunais, sen excepción, sexan nomeados por sorteo.** Neste mesmo sentido, naquelas especialidades nas que sexa

necesario o asesoramento por asesores especializados estes asesores deben ser coñecidos publicamente para poder estar sometidos ás causas de recusación polos aspirantes no caso de que fose necesario. **É importante tamén que todos os tribunais estean formados por profesorado da propia especialidade polo que ANPE considera que se debería traer a profesorado doutras comunidades antes que nomear a profesorado que non sexa da propia especialidade.**

**A Administración comprométese a axilizar ao máximo a constitucións dos tribunais e a dar instrucións para que fagan público o antes posible os criterios de actuación de cada un deles, os medios que poden utilizar os opositores e toda a información que os opositores deban coñecer respecto ao funcionamento de cada tribunal en concreto.**

En relación ás renuncias a formar parte dos tribunais desde ANPE Galicia demandamos que se permita renunciar a todos os membros dos equipos directivos dos centros e non soamente aos directores/as. **A Administración non acepta esta proposta.** Tamén demandamos que se permita a renuncia no caso de coidado de fillos menores e tamén con grado de discapacidade. **A Administración estudará a proposta para o coidado de fillos menores de 3 anos.**



Demandamos que se axilice o pago ao profesorado que finalmente forma parte dos tribunais.

## MESA SECTORIAL

### 16/01/2024

ANPE Galicia considera tamén que debe haber uns criterios de valoración das probas comúns para todos os tribunais dunha mesma especialidade así como tamén unhas probas comúns. Deberíase tamén tratar de garantir o anonimato dos aspirantes na primeira proba. **A Administración non acepta esta última proposta.**

ANPE Galicia considera que os aspirantes deben ter dereito a coñecer a nota da cada unha das partes das probas coa maior inmediatez posible.

Consideramos que a valoración dos méritos da fase de concurso debe levarse a cabo por parte da Administración con se facía hai tempo e non por parte dos tribunais. Así mesmo consideramos que debería ampliarse o prazo de reclamacións ao baremo provisional. As follas de autobarefacción deben ser orientativas e deben ser revisadas completamente por parte da comisión baremadora que mencionamos anteriormente (ou, no caso de que non se acepta a barefacción por parte da Administración, por parte dos tribunais). **A Administracións resposta que seguirán baremando os tribunais e falarán cos informáticos para ver como está o tema de presentación de méritos. En principio estará informaticamente igual que no concurso de estabilización pero mirárase si se pode mellorar.**

ANPE Galicia demanda que se axilice o tema da adaptación de tempo e medios para os opositores e opositoras que o soliciten. Deben saber con tempo suficiente si se lles autoriza ou non. Tamén é importante que os aspirantes coñezan con antelación suficiente os medios que van a poder utilizar para o desenvolvemento das probas. Os tribunais deben dar a coñecer esta información con suficiente antelación. Tamén se deben facer, coa maior antelación posible, os chamamentos para as diferentes probas xa que hai que considerar que a maior parte dos aspirantes teñen que desprazarse e, polo tanto,

deben facer previsión destes desprazamentos con tempo suficiente.

Con respecto ás Programacións Didácticas desde ANPE Galicia demandamos que a Administración revise o que se recolle na Orde de Convocatoria xa que, fundamentalmente no caso das especialidades da Formación Profesional e do corpo de Profesores de Artes Plásticas e Deseño non están adaptadas aos currículos vixentes ou á normativa vixente. ANPE Galicia demanda que se flexibilice o requisito do interliñado nas táboas que se inclúan dentro das Programacións Didácticas presentadas polos aspirantes. **A Administración indica que, a estas alturas, non é axeitado cambiar o requisito de número de unidades que debe conter a programación ou sobre o interliñado pero é algo que debería mirarse de cara a futuras convocatorias. Anunciáranse os cambios a principio de curso para que os opositores teñan tempo para adaptarse aos novos cambios.**

En relación ás probas prácticas ANPE Galicia considera que hai casos de especialidades nas que as especificacións das mesmas son demasiado xenéricas ou que incluso non se adaptan ao temario das especialidades. É importante tamén que se establezan uns tempos de realización das probas realistas que aparezan perfectamente claros na orde de convocatoria. Reiteramos de novo que deben darse instrucións claras aos tribunais para o cumprimento do recollido na convocatoria para evitar modificacións por parte dos mesmos do contido das probas que se produciron na última convocatoria.

Demandamos que os e as titores e titoras da fase de prácticas sexan da especialidade correspondente.

Demandamos matrícula gratuíta para todos os desempregados e desempregadas.


Con respecto ao tema da presentación de solicitudes a aplicación que se utiliza para facer

## MESA SECTORIAL

16/01/2024

Esta presentación debe enviar unha mensaxe de alerta no caso de que o procedemento non estea completado ou non se teña emitido xustificante de entrega.

Debe ampliarse a casuística de acudir a examinarse no hospital para máis tipos de hospitalización e non soamente no caso de hospitalización por maternidade. **A Administración non acepta esta proposta.**



En canto a cuestións relativas ao baremo da fase de concurso, ANPE Galicia considera que deben valorarse as titulacións de linguas vernáculas cooficiais do mesmo xeito que as titulacións de linguas estranxeiras. **A Administración non acepta esta proposta.** Tamén demandamos que se puntuén do mesmo xeito os servizos prestados por aquelas persoas que desde unha lista única prestaron servizos como substitutos en dous corpos diferentes (como por exemplo, o profesorado das listaxes de inglés de secundaria que prestan servizos como substitutos nas EOI e teñen a metade de puntuación cando prestan os servizos neste corpo e se presentan ao corpo de profesores de ensino secundario). **A Administración resposta que non pode aceptar porque suporía inseguridade xurídica.** Deberían tamén puntuarse todos os Mestrados oficiais e non soamente un, así como tamén debería puntuarse o Mestrado de Formación do Profesorado naqueles corpos nos que non sexa un requisito.

Demandamos tamén a valoración do nivel C1 de lingua galega.

Desde ANPE Galicia demandamos que se restaure o sistema de comunicación dos opositores/as cos tribunais a través da plataforma dixital habilitada pola Consellería para poder comunicarse de xeito seguro e poder presentar reclamacións.

Para finalizar facer unha serie de aportacións adicionais: demandamos que se amplíe o prazo para poder participar no CADP para os opositores que superen o concurso-oposición para que pase a 4 días.

Deben buscarse locais axeitados para a realización das probas.

Deben aclararse a terminoloxía xa que se fala de unidades didácticas cando a LOMLOE fala de Situacións de Aprendizaxe.

Hai cambios importantes nas rúbricas con respecto ao ano pasado que nos preocupan xa que aumentan a puntuación de apartados subxectivos en contra de apartados obxectivos.

**RESPECTO AO BAREMO A ADMINISTRACIÓN NON MODIFICARÁ ABSOLUTAMENTE NADA.**

**4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E SOLICITUDES.**

- Desde ANPE Galicia seguimos demandando unha **regulación e flexibilización da compatibilidade** do profesorado galego.
- Demandamos información **sobre datas de publicación de vacantes definitivas, instancias e resolucións do CXT.** **A Administración resposta que a resolución provisional sairá sobre mediados de febreiro, as instancias despois do remate da baremación das publicacións.**
- Demandamos información sobre a situación da cotización á Seguridade Social do alumnado de prácticas de FCT.

## MESA SECTORIAL

16/01/2024

- Demandamos a actualización das licenzas e permisos docentes tras a modificación do EBEP. Algúns están implantados pero outros como o permiso parental retribuído aínda non o está.
- Demandamos o cobro dos meses de verán para o profesorado substituto que traballe máis de 5,5 meses ao longo do curso escolar.
- Demandamos novamente o **cobro de cargos para o persoal que substitúe ao titular de ditos cargos** tras o informe emitido pola Valedora do Pobo respecto a unha queixa individual presentada por un docente e que fai referencia a 5 sentenzas do Tribunal Supremo ao respecto.
- Denunciamos que o acordo de itinerancias establece unha serie de reducións **horarias** en función do kilometraje da itinerancia pero non se está respetando e se están aplicando reducións non de horas, senón de sesións de 40, 50 minutos.
- Demandamos información de que programas subvencionados polo Ministerio van a finalizar o curso que ven.
- Demandamos solucións no tema da adaptación do PROENS para as programacións de infantil que está lonxe de arranxarse.
- Denunciar a situación producida coa cobertura de substitucións no Nadal onde houbo vacantes de máis de 15 días sen cubrir. Tamén solicitamos información sobre si se está realizando o curso de formación para o persoal que acede por primeira vez a unha substitución.
- Demandamos a apertura de listas en Aerodinámica. **A Administración resposta que xa o ten previsto.**
- Demandamos novamente a negociación dos ROCS.
- Demandamos concurso de traslados para o persoal de relixión abordando previamente a elaboración dunha RPT nova. **A Administración resposta que é algo que está estudiando.**
- A matrícula das probas do ABAU deben xestionala os centros educativos entre o 17 e o 20 de maio. De ese prazo hai xa un día que é festivo e o 18 e 19 son fin de semana.
- Demandamos que a Consellería de Educación asuma o tramo educativo de Educación Infantil de 0 a 3 anos. **A Administración resposta que é unha cuestión de Goberno.**





**MESA SECTORIAL**  
**16/01/2024**

